



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Departamento de Filoloxía Galega

Fonética e fonoloxía do galego

XOSÉ LUÍS REGUEIRA FERNÁNDEZ

GUÍA DOCENTE 2011/2012

DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

DENOMINACIÓN	Fonética e fonoloxía do galego
CÓDIGO	G5051223
TITULACIÓNS	Grao de Lingua e Literatura Galegas
CRÉDITOS	6 ECTS
CURSO	Segundo
PERÍODO	Primeiro cuatrimestre
LINGUA DA DOCENCIA	Galego
PROFESOR RESPONSABLE	Xosé Luís Regueira Fernández Gabinete 214, Facultade de Filoloxía Tel. 881811984 xoseluis.regueira@usc.es

TITORÍAS

A atención a alumnos realizarase no despacho do profesor os luns, martes e mércores de 10 a 12 h

SENTIDO DA MATERIA

Na titulación de grao de Lingua e Literatura Galegas a materia *Fonética e fonoloxía do galego* forma, xunto con *Morfoloxía do galego*, *Sintaxe do galego* e *Léxico e terminoloxía do galego*, un bloque de materias que teñen como obxectivo consolidar e ampliar os coñecementos adquiridos nas materias de introdución (*Lingua galega 1 e 2*, *Introdución á gramática galega*), afondando no coñecemento do sistema gramatical do galego por medio da descrición avanzada dos diferentes planos do sistema da lingua.

Dentro dese bloque, *Fonética e fonoloxía do galego* ocúpase do estudo do plano fónico, e o seu sentido dentro deste módulo é o de servir para que os alumnos adquiran coñecementos avanzados de fonética e fonoloxía da lingua galega, e sobre todo unha competencia suficiente no manexo dos conceptos e procedementos da fonética e da fonoloxía que os habilite para iniciarse na investigación.

De maneira máis específica, esta materia aspira a introducir os alumnos nas técnicas e nos conceptos fundamentais da fonética instrumental e fornecerlles unha formación básica en fonética acústica.

Estes coñecementos e competencias resultan de grande interese, por teren aplicacións para as tecnoloxías da fala (síntese de voz, conversores texto-voz, recoñecedores de voz) e para as industrias da información e da comunicación.

Por outra parte, tamén pretende preparar os alumnos para que poidan acceder a unha formación avanzada e poidan iniciarse na investigación en fonoloxía, con coñecemento dos marcos teóricos e das metodoloxías máis relevantes neste terreo, fundamentalmente na fonoloxía xenerativa e a teoría da optimidade.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

Esta materia ten como obxectivos afondar no coñecemento da estrutura da lingua galega, das teorías lingüísticas, e en particular:

- Afondar no coñecemento da fonética da lingua galega.
- Ampliar o coñecemento da compoñente fonolóxica da lingua galega.
- Coñecer os fundamentos da produción e da percepción da fala.
- Afondar no coñecemento dos conceptos e métodos da fonética acústica.
- Coñecer e ser capaz de utilizar técnicas instrumentais para a análise fonética, e en particular os métodos de análise da fonética acústica.
- Saber realizar análises espectrográficas de vogais e de consoantes empregando programas informáticos especializados.
- Coñecer os conceptos básicos e os métodos da fonoloxía xenerativa e da teoría da optimidade.
- Ampliar a competencia fonética, activa e pasiva, da lingua galega, co coñecemento dos sons e dos sistemas fonolóxicos da variedade estándar e das variedades non estándar.
- Eliminar prexuízos sobre as variedades lingüísticas e reflexionar sobre as bases e as consecuencias da discriminación lingüística.

Ao mesmo tempo desenvólvense as competencias:

- Uso de ferramentas informáticas para a análise acústica da fala: programas específicos de análise acústica (Praat) e folla de cálculo (Microsoft Excel) para o tratamento dos datos e realización de gráficos.
- Desenvolvemento de actitudes de valoración da diversidade e de eliminación de prexuízos lingüísticos, culturais e sociais. Esta competencia desenvólvese de maneira específica mediante o

CONTIDOS DA MATERIA

1. Fonética

1.1. Fonética articulatória, fonética auditiva e fonética acústica

1.2. Fonética articulatória

1.2.1. A voz

1.2.2. Articulación

1.3. Fonética acústica

1.3.1. A física do son

1.3.2. Espectro e espectrograma

2. Os sons do galego

2.1. Vogais e semivogais

2.2. Soantes

2.3. Fricativas e oclusivas

2.4. Entoación

2.5. Principios de transcripción fonética

3. Fonoloxía

3.1. A teoría fonolóxica: a fonoloxía estrutural

3.1.1. Trazos fonolóxicos e oposicións

3.2. A fonoloxía xenerativa

3.2.1. Regras

3.2.2. Estrutura dos segmentos fonolóxicos

3.2.3. Sílaba

3.2.4. Acento

3.2.5. Fonoloxía prosódica

4. A Teoría da Optimidade

4.1. Compoñentes: GEN e EVAL. As construcións.

4.2. Sílaba

4.3. Acento

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Fernández Planas, A. M. (2005): *Así se habla. Nociones fundamentales de fonética general y española. Apuntes de catalán, gallego y euskara*. Barcelona: Horsori.
- Gussenhoven, Carlos & Heike Jakobs (1998): *Understanding phonology*. London / New York: Arnold.
- Hayes, Bruce (2009): *Introductory phonology*. Chichester, UK: Wiley-Blackwell.
- Martínez Celdrán, Eugenio (1998): *Análisis espectrográfico de los sonidos del habla*. Barcelona: Ariel.
- Martínez Celdrán, Eugenio (2002): *Introducción á fonética. O son na comunicación humana*. Vigo: Galaxia.
- Martínez Celdrán, Eugenio & Ana M. Fernández Planas (2007): *Manual de fonética española. Articulaciones y sonidos del español*. Barcelona: Ariel.
- Vidal Figueroa, Tiago (2000): "Fonética e fonoloxía". F. Ramallo & G. Rei-Doval & X. P. Rodríguez Yáñez (coords.): *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo: Xerais, 629-719.

DESENVOLVEMENTO DO TEMARIO

Esta materia consta de dúas partes ben diferenciadas: fonética e fonoloxía. A primeira delas estuda os sons lingüísticos como entidades físicas concretas (fonética acústica) e desde o punto de vista da súa produción (fonética articulatória). O estudo da fonética trata por tanto de entidades físicas concretas, polo que resulta en xeral doado de comprender e de asimilar, sobre todo se se traballa de maneira práctica. Por esa razón, dedícanse a esta parte dous temas expositivos e 10 horas de traballo práctico.

A fonoloxía ocupa a segunda parte do temario (temas 3 e 4). Como se trata dunha disciplina estritamente lingüística, o seu estudo consiste fundamentalmente no estudo da teoría fonolóxica, fundamentalmente na teoría xenerativa actual e na teoría da optimidade.

Tema 1: Fonética

- 1.1. Fonética articulatória, fonética auditiva e fonética acústica
- 1.2. Fonética articulatória
 - 1.2.1. A voz
 - 1.2.2. Articulación
- 1.3. Fonética acústica
 - 1.3.1. A física do son
 - 1.3.2. Espectro e espectrograma

Este tema ten a misión de fornecer os conceptos básicos necesarios para o estudo da fonética das linguas e, especificamente, da lingua galega.

O estudo deste tema presenta dúas partes: na primeira tras a presentación e caracterización das ramas da fonética, explícanse os conceptos básicos de fonética articulatória; a segunda parte céntrase nos conceptos básicos da fonética acústica. Neste punto, menos coñecido para os alumnos, o foco estará posto nos conceptos mínimos (espectro, espectrograma) e nos procedementos de análise (programas de análise acústica) que os alumnos aprenderán a utilizar nas clases interactivas e nos traballos prácticos con gravacións realizadas por eles mesmos. Á parte doutros procedementos, nas clases interactivas e nas prácticas os alumnos empregarán o programa Praat, por razón da súa versatilidade e por tratarse dun programa gratuíto e aberto.

Bibliografía complementaria recomendada:

Jonhson, Keith (1997): *Acoustic and auditory phonetics*. Oxford: Blackwell.

Nesta excelente introdución á fonética, inclúese un capítulo que explica de maneira moi accesible o concepto de resonancia (cap. 4, pp. 63-90).

Ladefoged, P. (1993): *A course in phonetics*. 3rd ed. Fort Worth: Harcourt Brace.

Ladefoged, P. (2001): *Vowels and consonants. An introduction to the sounds of languages*. Oxford: Blackwell.

Excelentes introducións á fonética acústica e ós sons das linguas do mundo, con CD-ROM con exemplos.

Tema 2: Os sons do galego

- 2.1. Vogais e semivogais
- 2.2. Soantes
- 2.3. Fricativas e oclusivas
- 2.4. Entoación
- 2.5. Principios de transcripción fonética

Neste segundo tema abórdase unha descrición dos sons da lingua galega, tanto desde o punto de vista articulatorio coma acústico, facendo fincapé na interrelación entre ambas perspectivas.

Prestarase especial atención ás variedades non estándar, mostrando que desde o punto de vista científico son sistemas fonéticos coherentes e, en casos, máis ricos ca a variedade estándar. Describíranse as variedades con *gheada* e *seseo*, ilustrando con exemplos sonoros a variación fonética que existe actualmente. O estudo destas variedades, ademais do seu interese intrínseco, poñerá en evidencia que os xuízos que se fixeron e se fan sobre estes fenómenos están baseados en criterios sociais e non lingüísticos, e están asociados a ideoloxías que discriminan certas clases sociais. Desenvolvemos, aquí e nos temas seguintes, a competencia de fomentar actitudes que valoran a diversidade e de eliminar prexuízos lingüísticos, culturais e sociais sobre unha parte da poboación galega.

Bibliografía complementaria recomendada:

Fernández Rei, Francisco / Hermida Gulías, Carme (eds.) (2003): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. 1 vol. + 3 CD. Santiago: Consello da Cultura Galega.

Colección de gravacións do galego popular de diferentes áreas.

International Phonetic Association (1999): *Handbook of the International Phonetic Association. A guide to use the International Phonetic Alphabet*. Cambridge: Cambridge University Press.

Contén o Alfabeto Fonético Internacional, que resulta imprescindible consultar. Contén tamén numerosas descrições fonéticas de linguas do mundo (entre elas o galego), con gravacións accesibles en internet (http://web.uvic.ca/ling/resources/ipa/handbook_downloads.htm)

Martínez Celdrán, Eugenio, & Ana M. Fernández Planas (2007): *Manual de fonética española. Articulaciones y sonidos del español*. Barcelona: Ariel.

Este manual de fonética española, moi claro, ben organizado e escrito, resulta utilísimo tanto como introdución aos diferentes tipos de sons coma por describir moitos sons que tamén se encontran en galego.

Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais.
Descrición articulatoria con exemplos sonoros dos sons do galego estándar.

Tema 3: Fonoloxía

3.1. A teoría fonolóxica: a fonoloxía estrutural

3.1.1. Trazos fonolóxicos e oposicións

3.2. A fonoloxía xenerativa

3.2.1. Regras

3.2.2. Estrutura dos segmentos fonolóxicos

3.2.3. Sílaba

3.2.4. Acento

3.2.5. Fonoloxía prosódica

Na primeira parte deste tema faise unha introdución á teoría fonolóxica, desde os seus fundamentos na fonoloxía estrutural. A seguir faise un desenvolvemento dos aspectos nucleares da fonoloxía, da estrutura fonemática e o funcionamento das regras fonolóxicas, dentro do marco xeral da Fonoloxía Autosegmental. As explicacións estarán realizadas desde exemplos da lingua galega, con especial atención á sílaba e á asignación de acento. Na parte final realizarase unha introdución á fonoloxía prosódica.

Bibliografía complementaria recomendada:

Anderson, Stephen R. (1990): *La fonología en el siglo XX*. Madrid: Visor.

Magnífica revisión das principais teorías fonolóxicas do século XX, desde o estruturalismo ao xenerativismo.

Mateus, María Helena & Ernesto d'Andrade (2000): *The phonology of Portuguese*. Oxford: Oxford University Press.

Descrición fonolóxica do portugués europeo. Moi accesible.

Nespor, Marina & Irene Vogel (1986): *Prosodic phonology*. Dordrecht: Foris. Trad. esp.: *La prosodia*. Madrid: Visor, 1994.

Exposición fundamental da fonoloxía prosódica, coa explicación dos diferentes dominios e a súa xustificación e interese para a explicación dos feitos lingüísticos.

Regueira, Xosé L. (2002): "A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía". R. Lorenzo (ed.): Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza. Santiago de Compostela: Universidade, 235-254.

Estudo da sílaba en galego, da súa estrutura e dos prexuízos sociais sobre a fonoloxía do galego popular.

Roca, Iggy M. (2005): "Saturation of parameter settings in Spanish stress", *Phonology* 22, 345–394.

Artigo que establece as regras e parámetros da asignación do acento en español, aplicables tamén ao galego.

Veiga, Amable (1976): *Fonología gallega*. Valencia: Bello.

Descrición da fonoloxía galega realizada desde a teoría estrutural, aínda que con algúns desenvolvementos orixinais. Libro de gran importancia na historiografía da lingüística galega, e base de moitas descricións posteriores.

Tema 3: A Teoría da Optimidade

4.1. Compoñentes: GEN e EVAL. As constricións.

4.2. Sílaba

4.3. Acento

Neste tema introdúcese a Teoría da Optimidade. Despois de presentar e explicar a estrutura desta teoría, e das súas compoñentes principais, tratarase de explicar de maneira práctica en que medida a aplicación desta teoría pode explicar de maneira máis coherente e comprensiva algúns feitos observados na lingua galega, en particular no referente á estrutura da sílaba.

Os temas de fonoloxía, ademais de introducir os alumnos no coñecemento das teorías e no manexo dalgúns dos seus instrumentos, están pensados para familiarizar o alumnado coas teorías fonolóxicas (e lingüísticas) actuais, de maneira que teñan acceso a publicacións sobre lingüística galega e portuguesa que utilizan estes marcos teóricos.

Bibliografía complementaria recomendada:

Colina, Sonia (2009): *Spanish phonology. A syllabic perspective*. Washington, D. C.: Georgetown University Press.

[Este traballo de Colina, que estuda diferentes aspectos da sílaba en español, é unha fonte de suxestións para o estudo da sílaba en galego, ademais de permitir familiarizar os estudantes con esta teoría dunha maneira aplicada e relativamente accesible]

McCarthy, John J. (ed.) (2004): *Optimality theory in phonology: a reader*. Oxford: Blackwell.

[Colección de traballos fundamentais da Teoría da Optimidade. Require a lectura previa dunha introdución á OT]

Regueira, Xosé Luís (2008): “Cambios fonolóxicos no galego actual”. M. Brea, F. Fernández Rei & X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía: homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade.

[Neste artigo preséntanse dúas cuestións que afectan á sílaba e á prosodia do galego desde a teoría da optimidade.]

METODOLOXÍA DO ENSINO

As clases expositivas consisten na explicación dos conceptos e procedementos dos diferentes modelos teóricos estudados, e posteriormente na súa aplicación a problemas da fonética e da fonoloxía do galego. Durante estas clases procurárase a intervención activa dos alumnos.

Durante estas clases levarase a cabo a audición de textos e fragmentos de producións orais de diferentes variedades da lingua galega, para a discriminación e a identificación de sons e de compoñentes fónicos, a transcripción fonética de textos orais e a discusión de problemas que requiran a aplicación dos conceptos e técnicas estudados.

As clases interactivas realizaranse na aula de informática, e nelas os alumnos utilizarán os recursos de internet e outros recursos informáticos propios para afianzar os coñecementos das clases teóricas e para poñelos en práctica, mediante a gravación e a análise de secuencias fónicas, incluído o tratamento estatístico dos datos obtidos.

Nas titorías programadas estarán dedicadas a guiar os alumnos para a adecuada preparación desta materia e a facer un seguimento do seu traballo, así como a resolver problemas prácticos e metodolóxicos que poidan xurdir.

DISTRUBUCIÓN DA CARGA DOCENTE

Tendo en conta os factores de conversión habituais, o cálculo da carga docente para esta materia queda da seguinte maneira:

ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS	HORAS TRABAJO NON PRESENCIAL	TOTAL
Clases expositivas	32	64 (12TD)	96
Clases interactivas	16	20 (9TD)	36
Titorías programadas	3	3	6
Avaliación	3	9	12
TOTAL	54	96	150

AVALIACIÓN

A avaliación desta materia realizarase determinando o grao de consecución dos obxectivos mediante o seguimento do traballo feito nas clases teóricas e prácticas e a realización dunha proba escrita na data e lugar fixada oficialmente.

Desde xeito, as compoñentes da avaliación, os criterios e os instrumentos para a súa determinación, así coma a súa importancia relativa no resultado final serán:

- **Asistencia e participación:** participación activa nas clases, debates e comentarios, seguimento comprensivo da materia (determinado por medio da observación, notas do profesor e cuestionarios específicos): 20%
- **Contidos:** comprensión e dominio dos coñecementos teóricos e prácticos e a súa aplicación (determinado por medio do exame final): 55%
- **Traballo práctico:** asistencia e participación nas clases prácticas (interactivas), realización da memoria das prácticas e a aplicación das técnicas aprendidas ao estudo da fonética do galego (determinado mediante a observación, a memoria escrita das prácticas e un traballo individual): 25%

A asistencia activa ás clases teóricas e prácticas é un elemento fundamental para a obtención dos resultados académicos desexados. A asistencia e a participación activa nas clases expositivas terá un peso dun

20% na avaliación final, sempre que se demostre unha asistencia, como mínimo, ao 75% das clases programadas. Unha asistencia ás clases de entre o 50% e o 75% só permitirá obter o 50% desta cualificación. Unha asistencia menor a un 50% das clases programadas non dará dereito a cualificación por este concepto, mais en casos xustificados poderá compensarse coa realización dun traballo individual escrito, que se concertará a principio do cuadrimestre co profesor.

O traballo práctico realizarase nas clases interactivas, e constará dunha memoria das prácticas realizadas, así coma unha aplicación práctica das técnicas e métodos aprendidos.

A proba escrita constará de varias preguntas sobre fonética e fonoloxía, e nela deberá mostrarse unha correcta comprensión dos conceptos básicos da materia, así como a capacidade para aplicar os métodos e conceptos aprendidos a diferentes cuestións de fonética e fonoloxía do galego.

A corrección lingüística é un requisito imprescindible, tanto no que se refire á lingua escrita (corrección ortográfica e gramatical, adecuación expresiva) como á lingua oral (corrección e adecuación fónica). As cualificacións das prácticas e exames escritos e das exposicións e intervencións orais poderán verse reducidas se este requisito non se cumpre.

Na convocatoria de xullo aplicaranse os mesmos criterios de avaliación. Dado que nesta convocatoria soamente se realiza unha proba escrita, ese exame contará como máximo o 55% da nota, e manteranse, no seu caso, as demais cualificacións obtidas durante o período de clases. Non obstante, os alumnos poderán presentar un traballo individual complementario, sobre un tema acordado previamente co profesor.

DISTRUBUCIÓN TEMPORAL

As distribución prevista para as clases expositivas é a seguinte:

Sesións expositivas:

Presentación: Setembro 13

Tema 1:

Setembro: 14, 20, 21, 27, 28

Tema 2:

Outubro: 4, 5, 11, 18, 19, 25

Tema 3:

Outubro: 26

Novembro: 2, 8, 9, 15, 16, 22, 23, 29, 30

Decembro: 7, 13,

Tema 4:

Decembro: 14, 20, 21

Xaneiro: 10, 11

Sesións interactivas (prácticas):

Setembro: 12, 19, 26

Outubro: 3, 10, 17, 24, 31

Novembro: 7, 14, 21, 28

Decembro: 15, 12, 19

Xaneiro: 9